

Para dar cumprimento ao establecido no art. 2º da Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos (DOG do 15 de marzo) lémbrese as áreas de influencia dos centros e as áreas limítrofes establecidas no seu momento (curso 2007 e curso 2011):

1. As **zonas 1,2 e 3** mantéñense coas mesmas áreas de influencia^a (rúas e parroquias) establecidas en 2007:

a) **ZONA 1:** CEIP CRUZ-BUDIÑO

PARROQUIA DE BUDIÑO

b) **ZONA 2:** CEIP DE ATIOS:

PARROQUIA DE ATIOS

Rúa Domingo Bueno dende o nº 62 e o parque infantil ata o final

Rúa San Sebastian , dende o nº 50 e 59 ata o final

Rúa Manuel Rodríguez , dende o nº 84 e 65 ata o final

Rúa Leandro Diz , dende o nº 6 e 13 ata o final da mesma.

Rúa Carrola completa

c) **ZONA 3:** CEIP XOSÉ FERNÁNDEZ LÓPEZ
CPR HNOS. QUIROGA

PARROQUIA DE CANS

PARROQUIA DE CARRACIDO

Rúas do casco urbano ata a vía do tren agás as incluídas na área de influencia do CEIP de Atios.

2. A **zona 4 para EI/ EP** quedan coas seguintes áreas de influencia:

a) **ZONA 4-A:** CEIP ANTONIO PALACIOS
CPR STO. TOMAS

Que abrangue a parroquia de San Salvador de Torneiros ata a vía do tren cara o casco urbano e delimitada pola estrada PO-331 (O Porriño-Gondomar) incluíndo os barrios de A Relva, A Florida, A Mota, O Contrasto e A Abeleira... e delimitada pola ruta de transporte escolar establecida na actualidade

Por outra banda está formada cos límites establecidos polos POLIGONOS 1,2 e 5 da parroquia de San Rosendo de Torneiros

b) **ZONA 4-B:** CEIP DA RIBEIRA

Está formada cos límites establecidos polos POLIGONOS 3 e 4 da parroquia de San Rosendo de Torneiros e abrangue amais as Escolas Unitarias das parroquias de Pontellas e Mosende

3. As zonas para a ESO quedan coas mesmas áreas de influencia que os centros adscritos, así:

ZONA 1-ESO : IES PINO MANSO COS ALUMNOS DOS CENTROS ADSCRITOS DO CEIP DE ATIOS E DO CEIP XOSÉ FERNÁNDEZ LÓPEZ
CPR HNOS. QUIROGA

ZONA 2-ESO: IES RIBEIRA DO LOURO COS ALUMNOS DO CEIP ANTONIO PALACIOS ADSCRITOS E DO CEIP CRUZ-BUDIÑO E DO CEIP DA RIBEIRA
CPR STO. TOMAS

ZONA 3 _ESO: CPI RIBEIRA

4. Para Bacharelato ao existir soamente dous centros públicos no concello que ofertan esta ensinanza IES PINO MANSO e IES RIBEIRA DO LOURO as áreas de influencia veñen delimitadas polas dos propios centros públicos adscritos , quedando os centros privados asignados ao IES de referencia das súas zonas xeográficas

Vigo, 2 de abril de 2013

A inspectora

Elisa Isabel Amado Barriela.

